



VOTOS A FAVOR 7: PGD, PSOE, VECIÑOS, BNG e CIPA

VOTOS EN CONTRA 0:

ABSTENCIÓNS 4: PP

Dona Teresa Rey Pazos, Concelleira do Grupo Mixto por Veciños de Padrón, presenta para ser tratada e votada no Pleno da Corporación a celebrarse o día 28 de xullo de 2016, a seguinte **MOCIÓN**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Tras as preocupantes declaracións públicas recollidas pola prensa nas que a Comisión de Festas do Pemento de Herbón desvincúlase da Orde do Pemento “por ser esta unha entidade constituída de forma ilegal, con incumprimento dos estatutos e unha directiva que non está declarada na Xunta” e solicitan expresamente non contar con representación institucional na festa do próximo día 6 de xullo, esta concelleira solicitou información sobre a situación ao equipo de goberno na Comisión Informativa B celebrada o venres día 22 de xullo de 2016.

Das diferentes cuestións das que se falaron a esta concelleira non lle quedou claro se a Asociación Orde do Pemento de Herbón cumpre ou non a normativa vixente e, en consecuencia, está ou non constituída legalmente e cumpre os requisitos de inscrición.

Tendo en conta que o ano 2015 esta asociación recibiu do Concello de Padrón unha subvención nominativa (“a dedo”) que ascendeu a 1.600€, consideramos de gran importancia a aclaración desta situación e a actuación desde o Concello en consecuencia.

Por todo o anteriormente dito propoñemos os seguintes **ACORDOS**:

- 1.-** Que se aclare se estamos ou non ante unha asociación que cumpre a normativa vixente relacionada coas asociacións.
- 2.-** No caso de que esta non cumpra coa normativa vixente, non conceder á devandita asociación ningunha subvención desde o Concello ata que regularice a súa situación.
- 3.-** Revisar se nos anos anteriores nos que se concedeu dita subvención, cumpríase a normativa e de non ser así, depurar responsabilidades tanto coa asociación Orde do Pemento de Herbón como co equipo de goberno que sendo coñecedor da situación irregular procedeu a conceder as devanditas subvencións.

En Padrón, a 28 de xullo de 2016

Dona Teresa Rey Pazos

SR. ALCALDE- PRESIDENTE DO PLENO DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE PADRÓN

